




Inspirado por **atlanTTic**  
research center  
for Telecommunication Technologies

## A UVigo recibe o Premio Galicia das Telecomunicacións e da Sociedade da Información

*Os galardóns, que outorgan o Colexio Oficial e a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia, tamén premiaron a Gradiant como Socio de Honra*

Por DUVI - 13/10/2021



*A UVigo recibe o Premio Galicia das Telecomunicacións e da Sociedade da Información. Foto: Duvi.*

A súa firme aposta pola transformación dixital e polas novas tecnoloxías fai á Universidade de Vigo merecedora dun dos **Premios Galicia das Telecomunicacións e da Sociedade da Información 2021**. Estes galardóns, que outorgan o **Colexio Oficial e a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia**, regresan tras un ano de parón pola pandemia para distinguir o emprendemento, a investigación e as boas prácticas xeradas no ámbito TIC galego por parte de diferentes persoas e empresas.

Xunto coa UVigo, o centro tecnolóxico **Gradiant**, situado no campus vigués e do que a institución académica é parceira, recibirá outro dos galardóns, que se entregarán o vindeiro día 22 nun acto que terá lugar en Santiago de Compostela coincidindo coa celebración da **Noite Galega das Telecomunicacións**. Este encontro no que participarán 200 persoas, principalmente representantes de destacadas entidades, organizacións, profesionais e empresas do ámbito TIC, celebra este ano o seu 25 aniversario.

## A UVigo, Premio Axians

A Universidade de Vigo recibe nesta convocatoria o Premio Axians 2021 á Entidade Galega que aposta **polo desenvolvemento de Infraestruturas Intelixentes de Telecomunicación**. O xurado valorou para esta distinción a aposta da UVigo polas infraestruturas TIC dentro do seu Plan Estratéxico 2021-2026 para promover a transformación dixital da Universidade, e tivo en conta tamén o esforzo realizado para potenciar a ensinanza virtual, o desenvolvemento da sociedade do coñecemento e a expansión e o emprego das TIC no ámbito da docencia. Mostra disto foi a aposta da institución pola formación en liña durante a pandemia, despregando diferentes recursos que garantiron a continuidade da docencia a través de plataformas telemáticas como Campus Remoto, no que se integrou a plataforma de docencia virtual Fatic e dentro do que se crearon 1600 aulas virtuais, xerando así un "xemelgo dixital" da propia Universidade, con todos os servizos, facultades e escolas e 2700 "despachos virtuais", que posibilitan ao profesorado a realización de titorías, á vez que os dotan de diferentes opcións para a realización de exames non presenciais. Outra das propostas foi a posta en marcha de **Campus Integra**, unha contorna que permitiu conxugar o Campus Remoto ou xemelgo dixital da UVigo coa presencialidade nas aulas.

Se ben o Premio Axians 2021 recoñece o traballo da institución no seu conxunto, estes galardóns do Colexio Oficial e a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia xa distinguiron en anteriores edicións proxectos, iniciativas ou traxectorias de investigadores e investigadoras da Universidade de Vigo.

Así, en 2019, a aplicación **Aperta**, deseñada por estudantes da EE de Telecomunicación, recibiu o premio ao mellor proxecto TIC con beneficios sociais. O seu obxectivo era axudar a **combater o acoso nos centros educativos**. Un ano antes, en 2018, o proxecto **Litter Drone**, dirixido polo profesor **Fernando Martín**, foi galardoado co Premio ao Mellor Proxecto TIC con Beneficios Sociais 2018, polo seu grao de innovación tecnolóxica na monitoraxe do lixo mariño empregando drones e análise de imaxe.

Anteriormente, en 2012, recibiu o mesmo premio a aplicación móbil **Pictodroid Lite**, un proxecto de colaboración entre el Centro de Educación Especial **Manuel López Navalón** e o Grupo de Tecnoloxías da Información centrado na accesibilidade de persoas con discapacidades. Outro dos galardóns que ten recaído na UVigo é do Enxeñeiro do Ano, que en 2015 foi para o profesor da EET **José María Pousada**; en 2013 para o tamén profesor da UVigo **Fernando Vázquez**; en 2011 para **Fernando Pérez**, docente do mesmo centro e, en 2010, para **Edita de Lorenzo**, naquel momento directora dunha escola que celebraba o seu 25 aniversario. Tamén empresas xurdidas da UVigo, como Sound Of Numbers, teñen sido recoñecidas por estes galardóns.

## Premio Socio de Honra a Gradiant

Os Premios Galicia das Telecomunicacións e da Sociedade da Información 2021 tamén contemplan o galardón ao mellor expediente académico do Mestrado de Enxeñería de Telecomunicación, que en Galicia imparte a Universidade de Vigo. Desta volta, o colectivo de enxeñeiros de telecomunicación outorga dous galardóns, o correspondente ao curso 2019-2020 que é para **Moisés Rubén Pacheco** e o do 2020-2021 para **Marcos Martínez**.

Nesta edición dos premios, tamén o centro tecnolóxico **Gradiant** foi distinguido como Socio de Honra, un galardón co que se recoñece a aqueles **persoeiros ou entidades que destaquen pola súa promoción das telecomunicacións na comunidade autónoma galega**. O xurado apostou por este centro vigués, no que partillan as tres universidades galegas e as compañías máis importantes deste sector en Galicia, por terse consolidado como un "centro tecnolóxico de referencia en Galicia, pioneiro no desenvolvemento de proxectos de vangarda e con importante representación do colectivo de enxeñeiros de telecomunicación".

A listaxe de galardóns inclúe tamén o Premio Enxeñeiro do Ano, que nestes 2021 recoñece a traxectoria de **María Encarnación Baltar**, a primeira muller española graduada como enxeñeira na Universidade de Caracas. Responsable de Eventyam Ingenieros SL. Baltar é "unha referencia nacional no difícil sector de medidas de campos electromagnéticos con traballos pioneiros en toda España", o que para o xurado foi determinante á hora de lle conceder o galardón. Complétanse as distincións co premio ao Mellor Proxecto TIC con Beneficios Sociais, premio impulsado por Amtega, que recae este ano en **Escoita 5G**, unha proposta concibida para mellorar problemas de persoas con dificultades sensoriais.

---

Podes ler a noticia do DUVI [nesta ligazón](#).

---

---

Este sitio web utiliza cookies para que vostede teña a mellor experiencia de usuario. Se continúa navegando está dando o seu consentimento para a aceptación das cookies e da nosa política de cookies [Ler máis](#)

Acepto